

Plan TIC

IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

XANEIRO 2011

1. Contexto e Xustificación do Plan TIC.....	2
2. Obxectivos.....	3
2.1. Obxectivos a curto prazo	3
2.2. Obxectivos a longo prazo	4
2.3. Obxectivos para o profesorado.....	4
3. Formación do profesorado.....	4
4. Organización e utilización dos recursos.....	6
4.1. Coordinador TIC/Comisión TIC.....	6
4.2. Persoal para impartir as TIC.....	7
4.3. Organización do alumnado.....	7
4.4. Organización dos espazos.....	8
4.5. Organización dos horarios.....	8
4.6. Xestión dos ordenadores e do material informático.....	9
5. Metodoloxía no uso dos equipamentos co alumnado.....	10
6. Compromiso do centro en relación ás TIC.....	11
7. Avaliación do proxecto.....	12

1. Contexto e Xustificación do Plan TIC

Os eixes arredor dos cales planéamos este plan TIC teñen como obxectivo fundamental a integración plena das TIC tanto na xestión como na metodoloxía do proceso de ensino aprendizaxe.

Se somos quen de adaptar a metodoloxía ás novas ferramentas proporcionadas pola tecnoloxía estaremos en condicións de mellorar as aprendizaxes. Compre integrar as TIC na aula na práctica docente diaria e desbotar a idea do seu uso anecdótico, externo ao traballo diario.

Nesta liña de actuación vimos organizando no noso centro unha serie de actividades de formación que se relacionan a continuación:

- 2006-07: "Reforzo do ensino presencial con ferramentas electrónicas"
- 2007-08: "Elaboración e actualización de recursos dixitais a través da creación de blogues"
- 2008-09: "Desenvolvemento da web dinámica do centro e actualización de materias dixitais para a biblioteca".
- 2009-10: "Elaboración e actualización de recursos dixitais a través do desenvolvemento da Aula Virtual".
- 2009-10 se formou un PFAC orientado á formación no traballo coas pizarras dixitais.

Os obxectivos xerais que se pretenderon acadar coa constitución destes grupos de traballo foron os seguintes:

- Elaborar, localizar e difundir material multimedia na Internet.
- Estimular ao profesorado no uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Axudar na posta en marcha de proxectos innovadores de centro.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades para intercambiar e difundir recursos.
- Familiarizarse co material multimedia susceptible de ser empregado.
- Introducirse no vocabulario técnico relacionado coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Estes proxectos de formación permitíronnos, en certa medida, unha capacitación para a incorporación das novas tecnoloxías á tarefa docente. Compre sinalar, nembargante, que moitos dos profesores que pasaron por estas actividades xa non están no centro polo que este tipo de actividades de formación debe ser continua e seguramente teña que ser retomada en vindeiros cursos. Resulta imprescindible sinalar tamén que os cambios dos medios implican ademais cambios metodolóxicos que aínda non temos, na nosa opinión, suficientemente interiorizados.

O centro de recursos do centro que pretendemos que sexa a Biblioteca tamén incorporou as novas tecnoloxías na súa xestión e participa no Proxecto Meiga realizando moitas tarefas cotiás de empréstito e catalogación a través da devandita aplicación.

Unha vez postos os alicerces da nosa actuación o seguinte paso tería que ser estender estes coñecementos ao conxunto do claustro, a participación activa dos departamentos nas ferramentas a súa disposición como a Aula Virtual e a Web Dinámica, a colaboración na creación de recursos e a utilización destas ferramentas na xestión global do centro.

2. Obxectivos

Coa experiencia destes últimos anos de formación reforzamos, aínda máis, se cabe, a nosa convicción de que o aprendizaxe no manexo de todas estas ferramentas ten que ser fundamentalmente práctico e, o que é máis importante, dirixido desde o primeiro momento á creación de recursos ou materiais didácticos de todo tipo susceptible de seren utilizados desde o momento no que remata a formación.

2.1. Obxectivos a curto prazo

1. As actividades programadas neste proxecto enfiáanse co obxectivo primario de acadar a competencia básica referida ao Tratamento da información e competencia dixital (RD 133/2007)

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Dispoñer de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen non só diferentes linguaxes e técnicas específica.

Unha vez sinalado este obxectivo primario relaciónanse outros que nos parece importante acadar e relacionados xerarquicamente co primeiro.

2. Acadar un nivel de alfabetización dixital que posibilite a autoaprendizaxe nun contorno que muda a gran velocidade.

3. Incorporar a todo o claustro no uso habitual na práctica docente de recursos multimedia propios ou alleos. Promover a súa utilización no relativo ás tarefas a realizar cos alumnos e non só nas tarefas cotiás levadas a cabo polos profesores: programacións, memorias, plans, actividades, etc...

4. Dinamizar o espazo web do centro, concretamente a Web Dinámica e a Aula Virtual. Para esta dinamización resulta imprescindible a colaboración activa de todo o profesorado colocando ou creando recursos, susceptibles de seren utilizados por profesores e alumnos.

5. Integrar o uso das TIC no centro de recursos do instituto que constitúe a Biblioteca.

6. Potenciar o emprego das TIC na xestión global do centro, concretamente desde a Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría de tal maneira que comunicacións, avisos, actas e demais documentos administrativos poidan ser elaborados, enviados, descargados ou consultados facendo uso das ferramentas de que dispomos e máis concretamente do espazo web do centro.

7. Favorecer o uso de software libre na medida que poida dar resposta ás nosas necesidades, en especial, no uso de aplicacións.

8. Favorecer o uso de material coas licenzas de difusión, reprodución ou copia axeitadas ao noso traballo docente.

9. Atender ás recomendacións de boas prácticas que se elaboren no propio centro no relativo ao uso dos equipamentos e a navegación.

10. Impulsar, a través das TIC, a comunicación e colaboración con outros centros, a fin de coñecer e transmitir valores sociais e favorecer o intercambio de experiencias educativas.

2.2. Obxectivos a longo prazo

1. Crear actividades e recursos en proxectos interdisciplinarios empregando todo tipo de ferramentas informáticas.
2. Potenciar actividades de participación da comunidade educativa a través de xornais escolares, páxina web do centro, foros, debates, enquisas, etc...

2.3. Obxectivos para o profesorado

1. Continuar a participación en actividades de formación iniciadas en anos anteriores e dirixidas á alfabetización dixital e a creación de recursos para alumnado e profesorado.
2. Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, de obter información significativa para a práctica docente e para mellorar o planeamento pedagóxico.
3. Empregar os equipamentos para o traballo cotián e as actividades na aula: programacións, actividades, exames, fichas, información ás familias, etc...
4. Aprender a buscar, catalogar e almacenar información a través da Internet que sexa susceptible de ser utilizada na aula.
5. Intercambiar experiencias, coñecementos e actividades participando en foros, chats, debates a través da Internet.
6. Favorecer a participación do profesorado na creación e edición de páxinas web, persoais e na oficial do Centro, blogs e publicacións de recursos compartidos.
7. Potenciar a elaboración de bancos de recursos para todo o alumnado e profesorado a través da creación de cursos na Aula Virtual.
8. Difundir ó noso traballo e mellorar á comunicación co resto da comunidade educativa a través da participación na Web Dinámica do centro.

3. Formación do profesorado.

O eixe fundamental da nosa actuación é a formación continua na liña dos grupos de traballo e PFAC levados a cabo nos últimos anos. Parécenos especialmente importante a constitución anual dun ou dous grupos de traballo que traballen activamente na aprendizaxe das TIC e/ou na creación de recursos en soporte dixital para o alumnado e resto do profesorado. Estes grupos estarán formados por profesores que con carácter voluntario decidan constituír ese ou eses grupos de traballo. É necesario dicir aquí que a implicación tanto do equipo directivo como do resto do claustro redundaría de forma positiva na consecución dos obxectivos propostos.

Coa creación das actividades de formación, preténdese tamén acadar un efecto dominó de tal maneira que as súas experiencias contaxien ó resto do profesorado cara ás TIC.

A experiencia dos grupos de traballo creados en cursos anteriores foi, en xeral, satisfactoria para o profesorado participante. Como en tantos outros campos a formación continuada parécenos o mellor camiño para poder estar a altura das esixencias da nosa profesión.

Para o curso 2010-11 fomos seleccionados como un dos centros nos que implementar as aulas ABALAR. Isto implica a constitución dun grupo obradoiro no que participarán os profesores

implicados na docencia de 1º ESO. En paralelo a este grupo obradoiro e coa idea de estar actualizados canto a docencia tense previsto organizar no presente curso un grupo de traballo cunha temática semellante en contidos á do grupo obradoiro ABALAR.

Con independencia das actividades de formación que se organicen en horario extraescolar parécenos que é importante a labor que en forma de atención personalizada poida levar a cabo o responsable TIC, ou mesmo, no caso de existir, a comisión TIC. Para poder levala a cabo sería necesaria a dispoñibilidade horaria do responsable e polo tanto o apoio da dirección a estas labores de formación. Sería aconsellable, tamén, o compromiso por parte dos departamentos didácticos na creación de recursos que respondan a esta formación para que exista unha cadea continua entre o proceso de formación e o traballo co alumnado. Este compromiso favorecería a retroalimentación e a adaptación continua da formación ás necesidades docentes.

As liñas xerais de formación poderían ser as seguintes:

- Actualización da páxina Web Dinámica, plataforma Drupal.
- Creación e actualización de cursos na Aula Virtual, plataforma Moodle.
- Afondamento no coñecemento a nivel usuario de aplicacións de software libre.
 - OpenOffice
 - Writer
 - Calc
 - Impress
 - Draw
 - GIMP
 - NVU
 - Audacity
 - Inkscape
- Navegación a nivel avanzado na Internet.
- Uso de ferramentas web 2.0
 - Creación de blogues.
 - Presentación de contidos.
 - Uso de recursos compartidos.
 - Marcadores sociais.
 - Ferramentas on-line.
 - Sindicación de contidos.
- Creación de recursos
 - JClic
 - Ardora
 - Lim

- HotPotatoes

As actividades inicialmente propostas con independencia de que os departamentos fagan as súas particulares poderían ser as seguintes:

- Elaboración de mapas de ideas coa pizarra dixital.
- Elaboración de recursos coa pizarra dixital.
- Elaboración de blogues para o alumnado usando Blogger ou WordPress.
- Creación e edición de wikis.
- Elaboración de webquests empregando ferramentas en liña.
- Uso de marcadores sociais usando ferramentas como del.icio.us ou Mister Wong.
- Creación de cursos na Aula Virtual usando Moodle.
- Elaboración de actividades de autoavaliación en Moodle.
- Creación de contas, edición e uso de recursos compartidos usando Google Docs.
- Creación de recursos usando Hotpotatoes, JClic, Ardora o Lim.
- Creación de presentacións usando Impress.
- Creación de documentos portabeis (pdf) usando Writer.
- Creación de animacións usando Flash.
- Almacenamento de recursos on line.
- Edición de audio usando Audacity.
- Creación de carteis usando Inkscape.
- Creación e edición de gráficos vectoriais usando Imagineer Technical.
- Creación e edición de imaxes rasterizadas usando GIMP.

4. Organización e utilización dos recursos

4.1. Coordinador TIC/Comisión TIC

Parece necesaria a figura do coordinador/a como elemento central a través do cal se potencie o traballo de incentivación no uso e aprendizaxe das TIC. Neste momento a persoa que exerce o cargo non está liberada de horas o que nos parece que limita en grande medida a súa capacidade para levar a cabo tarefas tan ambiciosas e complexas en moitas situacións. Sería aconsellable, ademais, a constitución dunha comisión TIC que permitira repartir toda a formación necesaria a impartir. A labor do coordinador e/ou da comisión contarán coa axuda do asesor do CEFORE canto a organización de cantas actividades de formación se leven a cabo.

A persoa que actúe como coordinador/a realizará as seguintes funcións:

- Estar ao día canto as incidencias detectadas nas aulas de informática do centro de maneira que estas incidencias poidan ser comunicadas ó técnico informático encargado do mantemento.
- Servir de enlace entre o técnico de mantemento e o profesorado do centro canto as recomendacións que se fagan para a optimización dos recursos.

- Estar informado das actividades levadas a cabo en centros das nosas características e promover as actuacións necesarias para levar a cabo actividades innovadoras neste eido.
- Participar en actividades de formación relacionadas coas novas tecnoloxías e organizadas polo CEFORE.
- Servir de enlace para a transmisión de información entre o CEFORE e o profesorado do centro canto ás novas tecnoloxías se refire.
- Axudar na posta en marcha de actuacións que favorezan o achegamento de todo o profesorado ás novas tecnoloxías.
- Motivar e facilitar ao resto do profesorado a preparación de actividades coas novas tecnoloxías.
- Organizar, en coordinación co Responsable de Formación, actividades de formación que potencien todos ou algún dos obxectivos deste plan.
- Asesorar no mantemento do sitio web do centro e colaborar na actualización da información do mesmo.
- Seguimento e avaliación do Plan TIC e elaboración da memoria anual.

4.2. Persoal para impartir as TIC

Corresponderá a todo o profesorado do centro a integración curricular das TIC nas súas materias respectivas.

No curso 2010-2011 está prevista a implementación das aulas ABALAR en 1º ESO. O persoal responsable destas aulas será o profesorado de 1º ESO, o cal, recibirá unha formación específica en forma de grupo obradoiro. O proxecto de formación deste grupo obradoiro é amplísimo e queda recollido noutro documento independente.

4.3. Organización do alumnado

Realizar actividades produtivas dirixidas aos alumnos organizadas en torno aos ordenadores implica que cada alumno poida manexar a súa propia máquina. Só en casos nos que non houbera alternativa debera plantexarse a posibilidade de 2 alumnos/máquina. A nosa experiencia dinos que este tipo de agrupamento favorece a falla de atención e unha certa frustración por parte do alumnado que non está participando directamente na actividade.

Sempre que as capacidades do centro o permitan sería desexable organizar desdobres que posibilitarán traballar os contidos na aula e, posteriormente, na aula de informática e/o na Aula de Audiovisuais do edificio anexo onde está instalada actualmente o EDI. Grupos de 12-15 alumnos son os idóneos para traballar na aula de informática pois con grupos máis numerosos chega a ser problemático manexar as incidencias.

Nas propias aulas de cada grupo tamén é posible traballar as TIC pois o centro dispón dunha serie de proxectores e de equipos portátiles que fan posible a preparación de unidades didácticas baseadas nas TIC. Pódense levar a cabo actividades orientadas a reforzos educativos, ampliación de contidos, aprendizaxes individualizados, etc...

O soporte informático tamén nos parece axeitado para o desenvolvemento de traballos individuais e/ou de pequenos grupos de alumnos con necesidades educativas especiais por parte do profesorado de PT. Nestes contornos pódense traballar aspectos concretos das adaptacións curriculares e reforzos educativos.

O tamaño dos grupos de diversificación curricular e as súas características específicas fan destes alumnos o substrato idóneo para traballar os contidos a través das TIC, con clases máis dinámicas e participativas.

4.4. Organización dos espazos.

A situación física dos ordenadores tamén é importante e hai que ter en conta unha serie de factores que poden incidir na súa utilización:

- As aulas Abalar contan cunha dotación moi completa (ultraportátiles para todo o alumnado, portátil para o profesor, canón de vídeo, EDI, armarios de carga e rede wifi). Estas aulas son completamente autónomas canto o equipamento informático e audiovisual, o cal, libera as aulas de informática, audiovisuais e biblioteca para o uso do resto do alumnado.
- O feito de dispoñermos dun aula na que se radica a mellor dotación de equipos e a que, loxicamente, todo o profesorado prefire acudir obríganos a organizar os horarios de tal maneira que o profesorado solicite por adiantado o seu uso. Esta concentración da demanda aumenta aínda máis tendo en conta que se oferta a materia de Informática como optativa para os alumnos de 4º da ESO e que, por exemplo, no curso 2010-11, existían dous grupos con 3 horas semanais por grupo.
- A segunda aula de informática do centro dispón de 15 máquinas cunha configuración de rede diferente da anterior. Este aula foi montada polos técnicos do departamento de informática do Concello da Coruña e no curso 2007-2008 actualizouse o servidor gañándose en operatividade pero cunhas prestacións inferiores á aula citada arriba.
- O uso o espazos comúns por parte de todo o profesorado fai que se tomen unha serie de medidas coa fin de minimizar as probables incidencias. A principal medida consiste na realización dun parte diario para cada unha das aulas de informática do centro. Neste parte diario o profesorado e os alumnos asinan dando a conformidade de que no seu posto de traballo tanto a parte correspondente ao hardware como ao software se manteñen coas características prefiguradas ao principio de curso ou ben coas modificacións das que son informados. Este parte é posteriormente trasladado semanalmente ó técnico informático para solucionar os problemas detectados.
- Na biblioteca existe unha dotación de 8 equipos que permiten o traballo individual por parte de profesores e alumnos. Estes equipos son de libre disposición dentro da mesma e en horario lectivo.
- Os equipos da sala de profesores son de libre disposición para o profesorado e utilízanse preferentemente para a busca de información curricular e administrativa. Estes equipos son tamén amplamente usados para o manexo das aplicacións de xestión de alumnos implementadas pola consellería de educación.
- Neste momento existe unha dotación de 16 equipos portátiles no centro que están a disposición do profesorado que solicite o seu uso. A secretaría do centro leva o control de préstamos ou cesión temporal destes equipos.

4.5. Organización dos horarios

- Aulas ABALAR: no curso 2010-2011 comezará o funcionamento das aulas ABALAR para os alumnos de 1º ESO co cal todos estes alumnos disporán do equipamento para a realización de actividades TIC no seu horario completo. Non precisarán, en principio, acudir ás aulas de

informática para a realización das actividades relacionadas coas TIC. Estas actividades deberán de deixar de seren puntuais para integrarse totalmente no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Hora semanal fixa de utilización da Aula de Informática do edificio principal: a partires do curso 2008-2009 empezouse a ofertar a materia de Informática como optativa para os alumnos de 4º da ESO. Os alumnos que cursan esta materia son os únicos do centro que con carácter fixo acoden semanalmente á aula de informática (3 horas/semana). Esta carga horaria e unha certa madurez do alumnado implicado fai que se poidan abordar obxectivos ambiciosos e que o seu traballo abrangan desde o afondamento no coñecemento das ferramentas ofimáticas ata a edición de imaxe, vídeo e son dixital ou a publicación web. Esta carga horaria e a esixencia dos contidos fan que haxa tamén un incentivo para o profesorado implicado na súa formación permanente.
- Horas de libre disposición das Aulas de Informática, Audiovisuais e Biblioteca: Tanto para o uso no resto de horas deste aula principal como para o uso da aula de informática instalada polo Concello da Coruña, da Aula de Audiovisuais do edificio anexo ou da biblioteca, existen unhas plantillas que se colocan semanalmente na sala de profesores. Nestas plantillas o profesorado solicita a reserva dunha determinada aula certas horas semanais, de tal maneira que, na medida do posible, cos medios dispoñibles, haxa unha participación de todo o profesorado en actividades relacionadas coas TIC.
- Os medios dispoñibles na actualidade fan que o tipo de actividades que se poidan plantexar para os alumnos de 2º, 3º e 4º teñan carácter puntual, de reforzo de determinados puntos que se están tratando na aula de teoría e que non sexa factible, polo de agora, unha planificación anual baseada no uso das aulas de informática. A alternativa, neste momento pasa polos proxectores e os equipos portátiles, como xa quedou referido máis arriba.
- As aulas de Idiomas e de Taller de Matemáticas, son de uso específico dos departamentos correspondentes e materias propias.

4.6. Xestión dos ordenadores e do material informático

Ademais dos ordenadores, que son a parte material das TIC, cóntase coas aplicacións e programas didácticos ou instrumentais (procesador de textos, folla de cálculo, debuxo, etc...). É imprescindible, tamén, realizar tarefas de mantemento, organización e divulgación do material existente. Para acadar este obxectivo realizaranse as seguintes accións:

- Organizarase o almacenamento e clasificación do material de instalación das diferentes aplicacións na Biblioteca.
- Realizarase unha folla informativa de cara ao profesorado na que figure, dunha maneira xenérica, o software instalado nos diferentes equipos e a utilidade de cada unha destas aplicacións. Este listado debe estar sempre presenta nas aulas de informática e na Biblioteca.
- De igual modo, no mesmo documento anterior ou noutro, incluírase información sobre ligazóns e aplicacións para traballar en contorno web clasificadas por materias

En canto a utilización dos ordenadores terase en conta o seguinte:

- Para evitar problemas de desconfiguración dos equipos a aula principal disporá dun sistema de mantemento das configuracións ou "conxelador" chamado Deep Freeze. Nos equipos desta aula crearanse particións desconxeladas nas que os alumnos poidan gardar datos.

- A instalación de novo software na aula realizarase a través do responsable das TIC ou do técnico informático que procederán á desconxelación da aula, instalación do software e posterior conxelación. O acceso nos equipos ás diferentes aplicacións procurarase que sexa directo e intuitivo.
- Realizarase un deseño da configuración de cartafoles nos equipos de maneira que se consiga a maior coherencia posible e se facilite o traballo de profesores e alumnos. Na partición desconxelada (INTERCAMBIO D:) dos equipos da aula de informática principal os alumnos crearán un cartafol raíz para cada materia de maneira que se facilite o labor de eliminación de materiais a finais de curso.
- O mantemento das aulas de informática correrá a cargo dunha empresa externa en coordinación co responsable TIC e a Secretaría do centro.

5. Metodoloxía no uso dos equipamentos co alumnado

Acudir cos alumnos a unha actividade nas aulas de informática ou na Aula de Audiovisuais supón unha preparación e unha planificación. Se estar nas aulas de teoría con 28 alumnos xa supón un esforzo de preparación e programación, o feito de engadirilles outras tantas máquinas esixe levar a actividade preparada e evitar improvisacións. Todo isto esíxenos unha programación flexible e adaptada ás características do grupo co que se teña pensado traballar. Como ocorre na práctica diaria na aula de teoría, estas programacións iranse adaptando en función da experiencia que vaíamos adquirindo ao traballar nestes contornos. Para facer esta planificación teremos en conta as seguintes consideracións:

- Concretar as ideas xerais a ter en conta para intervir cos alumnos na aula de informática.
- Facilitar a autonomía dos alumnos no manexo das aplicacións e sistema operativo en canto dispoñan das destrezas para facelo.
- Potenciar a participación de todos os alumnos, valorando actitudes de respecto, cooperación e esforzo.
- Trasladar ós alumnos á idea de que a adquisición das destrezas leva consigo a inversión en tempo de aprendizaxe e realización das actividades. As TIC teñen a súa parte lúdica pero tamén requiren dun esforzo na adquisición das habilidades.
- Realizar actividades adaptadas ao alumnado nas que poidan ir desenvolvendo as súas capacidades.
- Fomentar actitudes de coidado do material, autoresponsabilizándose da parte alícuota que lles corresponda.
- Pormenorizar cando levar a cabo unha determinada aprendizaxe de maneira que haxa unha coherencia cos contidos desenvolvidos nas clases teóricas.
- Potenciar o intercambio de experiencias e a comunicación con outros centros.
- Favorecer a procura de información na Internet, aprendendo a distinguir a información significativa. Incidir no sentido crítico diante da información que nos podamos atopar cando facemos buscas. Estas actividades de busca de información deberían ser guiadas polo profesorado nunha primeira etapa e só cando acadamos uns obxectivos de madurez no alumnado permitir a autonomía nas actividades.

Antes de ir á aula de informática teremos en conta as seguintes consideracións:

- Planificar a actividade.
 - Seleccionar aplicacións ou recursos que se van empregar.
 - Comprobar que estas aplicación e recursos funcionan correctamente nos equipos que se van a utilizar.
 - Concretar previamente as actividades a realizar.
 - Planificar o número de sesións e a súa organización.
- Integrar o traballo na aula de informática dentro da programación do curso, obxectivos, contidos, metodoloxía ... O traballo na aula de informática debe gardar unha coherencia co conxunto da materia.
- Enmarcar o traballo informático nun marco máis amplo: actividades previas, actividades na aula de informática e actividades posteriores.

Na aula de informática teremos en conta as seguintes consideracións:

- Presenza do profesor máis directa canto menor sexa o nivel no que estamos a traballar.
- Favorecer a autonomía nos alumnos a medida que os obxectivos se vaian acadando.
- Nas primeiras sesións o profesorado debera deixar claro os alumnos unha serie de puntos:
 - Sinatura do parte de aula: comprobación da configuración dos equipos e do correcto estado do material. Anotación das incidencias detectadas.
 - Acendido dos equipos.
 - Organización dos cartafoles. Cartafoles destinados a gardar datos de cada materia. Creación de cartafoles específicos para a nosa materia. Cartafoles do sistema.
 - Funcionamento básico da rede. Nome dos equipos. Compartir recursos.
 - Apagado correcto dos equipos.
- É aconsellable que os alumnos vaian sempre á aula de informática co material necesario para tomar notas que lles permitan reproducir as actividades levadas a cabo.
- Deixar claro por parte do profesorado que é o que pretendemos conseguir e como o pretendemos conseguir.
- Ser extremadamente rigorosos co coidado do material e facer fincapé na necesidade de organización e mantemento dun aula que vai ser ocupada por moitos alumnos e profesores.
- Facer as anotacións dos aspectos que non funcionaron como esperabamos de maneira que se poidan facer as correccións pertinentes cando a actividade se organice de novo.

6. Compromiso do centro en relación ás TIC

Para a dirección:

- Promover investimentos para achegar as TIC ó alumnado.
- Dotar dos medios e recursos materiais necesarios para que o plan TIC se poda levar a cabo.
- Promover a inclusión das TIC no Proxecto de Xestión do centro.
- Facilitar a formación do profesorado tanto no centro como fóra del.

- Promover a divulgación dos materiais e proxectos realizados polo profesorado.
- Impulsar a comunicación coas familias a través das TIC

Para o Claustro:

- Diseñar e realizar nas aulas actividades e proxectos que supoñan o tratamento dun ou varios aspectos curriculares a través das TIC. Estas actividades poden ser as referidas arriba, na proposta formativa do profesorado. Sería conveniente que cada departamento asumira o compromiso de levar a cabo polo menos 3 das acción referidas nese apartado.
- Utilizar, cando menos unha vez ao trimestre os medios técnicos dispoñibles (canón de vídeo, EDI) para a presentación da información para a realización de actividades na aula.
- Formarse na utilización de aplicacións e recursos materiais relacionados coas TIC.
- Crear recursos dixitais para a súa utilización na aula.
- Velar polo cumprimento das normas de organización e funcionamento que atinxen ao uso destes recursos e medios.

7. Avaliación do proxecto

O seguimento do plan será trimestral e será realizado, fundamentalmente, polo coordinador TIC, aínda que, como xa se dixo anteriormente sería desexable a constitución dunha comisión a tal efecto.

A avaliación dos obxectivos do plan terá lugar nas datas de remate do curso mediante a cumprimentación dunha enquisa por parte dos departamentos e dunha memoria por parte do coordinador TIC que recolla o grao de consecución dos obxectivos marcados e as dificultades detectadas.

Todos os obxectivos que non sexan acadados serán tidos en conta a hora de revisar o plan debatendo no seu momento as posibles causas, de deseño ou de falla de implicación.

Na avaliación recolleranse as suxestións feitas polo profesorado coa fin de mellorar os resultados futuros.

Os resultados da avaliación deberán converterse en iniciativas nos plans sucesivos para propiciar a melloras reais e tanxibles.

Relaciónanse de seguido os aspectos fundamentais que serán avaliados así como os criterios de aceptación para cada un deles:

1. Competencia básica: tratamento da información e competencia dixital.
 - a. Indicador: esta competencia acadarase cando o resto de obxectivos sinalados se cumpran.
2. Acadar un nivel de alfabetización dixital que posibilite a autoaprendizaxe.
 - a. Indicador: En cada departamento se explorou a posibilidade de utilizar un recurso atopado na Internet e non citado explicitamente no apartado de formación do profesorado.
3. Incorporar a todo o claustro na utilización de recursos propios ou alleos na práctica docente.
 - a. Indicador: Unha vez ao trimestre os departamento fan uso dos equipamentos informáticos, EDI ou medios audiovisuais para a presentación de contidos.

4. Dinamizar o espazo web do centro, concretamente a Web Dinámica e a Aula Virtual.
 - a. Indicador: Todos os departamentos teñen realizada a súa páxina de presentación na web dinámica do centro.
 - b. Indicador: O 50% dos departamentos teñen elaborado un curso na Aula Virtual
 - c. Indicador: O 50% dos departamentos teñen elaborada unha galería cos traballos ou actividades realizadas cos alumnos.
5. Integrar o uso das TIC no centro de recursos do instituto que constitúe a Biblioteca.
 - a. Indicador: Potenciación do blogue da biblioteca. Actualización semanal de entradas e aumento na participación de alumnado e profesorado.
 - b. Indicador: Inicio do servizo de préstamos informatizado.
6. Potenciar o emprego das TIC na xestión global do centro, concretamente desde a Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría
 - a. Indicador: O 25% da información elaborada pola Dirección aparece colocada na web do centro.
7. Favorecer o uso de software libre
 - a. Indicador: O 100% das aplicacións instaladas na aula de informática principal son de software libre.
 - b. Indicador: Instalar arranques duais nas máquinas de nova adquisición.
8. Favorecer o uso de material coas licenzas de difusión, reprodución ou copia axeitadas ao noso traballo docente
 - a. Indicador: Non incorporar nas actividades recursos con dereitos reservados sen dispoñer das correspondentes licenzas.
9. Atender ás recomendacións de boas prácticas que se elaboren no propio centro no relativo ao uso dos equipamentos e a navegación.
 - a. Indicador: Ausencia de incidencias nos partes de aula.
10. Impulsar, a través das TIC, a comunicación con outros centros e localidades, a fin de coñecer e transmitir valores sociais e favorecer o intercambio de experiencias educativas.
 - a. Indicador: Nalgún departamento establecéronse comunicacións con outros centros a través de correo electrónico, videoconferencia, mensaxería instantánea, chat, foros...